

Na elaboración desta norma foron oídos os sectores afectados e as comunidades autónomas, e emitiu o informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e de bases e coordinación xeral da sanidade, e en virtude do disposto nos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo e de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de maio de 2006.

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2551/1994, do 29 de decembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal e sanitarias aplicables aos intercambios e importacións de produtos non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normas específicas establecidas no capítulo I do anexo A do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, e, polo que se refire aos patóxenos, no Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.*

O Real decreto 2551/1994, do 29 de decembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal e sanitarias aplicables aos intercambios e importacións de produtos non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normas específicas establecidas no capítulo I do anexo A do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, e, polo que se refire aos patóxenos, no Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, queda modificado como segue:

Un. Todas as referencias a «os anexos I e II» se substitúen por referencias ao «anexo I».

Dous. O número 1 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«1. Cumprir os requisitos do artigo 5 e os requisitos específicos previstos no anexo I para os aspectos de sanidade animal.»

Tres. Queda suprimido o anexo II.

Disposición adicional única. *Remisión normativa.*

Con efecto a partir da data de entrada en vigor, as referencias ao anexo II do Real decreto 2551/1994, do 29 de decembro, entenderanse, segundo o requira o contexto, como referidas a:

a) O Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, para todos os produtos alimenticios e, ademais, o Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, soamente para produtos deste tipo, cando se traten cuestións que apelen a obrigas dos operadores económicos.

b) O Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, cando se traten cuestións desta índole.

c) O Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zoonómicas aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e de bases e coordinación xeral da sanidade, e en virtude do disposto nos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español os artigos 3, 4.1 e 8 da Directiva 2004/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, pola que se derrogan determinadas directivas que establecen as condicións de hixiene dos produtos alimenticios e as condicións sanitarias para a produción e comercialización de determinados produtos de orixe animal destinados ao consumo humano e se modifican as directivas 89/662/CEE e 92/118/CEE do Consello e a Decisión 95/408/CE do Consello.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

9300 *REAL DECRETO 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios. («BOE» 126, do 27-5-2006.)*

Durante a década dos noventa, a Unión Europea sentou, nun extenso desenvolvemento da lexislación alimentaria, os principios que constitúen a base común para a produción e comercialización segundo normas hixiénicas de todos os alimentos, isto é, as normas e procedementos polo que respecta ás responsabilidades dos fabricantes e das autoridades competentes, os requisitos estruturais, operativos e hixiénicos para os establecementos, os procedementos para a autorización de establecementos, os requisitos para o almacenamento e o transporte e a marcación sanitaria.

Nun exercicio de consolidación, actualización e simplificación, o Consello e o Parlamento Europeo adoptaron un conxunto de regulamentos e directivas que reestruturaron e actualizan as normas de hixiene de todos os produtos alimenticios, incluídos os produtos de orixe animal, e explicitamente derrogan toda a lexislación europea que as establecía con anterioridade.

As normas revisadas estrutúranse baixo un marco común que é o Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, o cal establece con carácter xeral unha formulación integrada para garantir a seguranza alimentaria desde o lugar de produción primaria ata a súa posta no mercado ou exportación.

Pola súa parte, o Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de

2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, trata en particular estes produtos, con respecto aos cales se observaron con frecuencia riscos microbiolóxicos e químicos.

Ademais, o Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, ocúpase dos aspectos específicos asociados a eses produtos á hora de aplicar o Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

Finalmente, cómpre considerar, dentro deste conxunto normativo, o Regulamento (CE) n.º 2073/2005 da Comisión, do 15 de novembro de 2005, relativo aos criterios microbiolóxicos aplicables aos produtos alimenticios, o Regulamento (CE) n.º 2074/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, polo que se establecen medidas de aplicación para determinados produtos de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 853/2004, e para a organización de controis oficiais de acordo co disposto nos regulamentos (CE) n.º 854/2004 e n.º 882/2004, introdúcese excepcións ao disposto no Regulamento (CE) n.º 852/2004 e modifícanse os regulamentos (CE) n.º 853/2004 e n.º 854/2004, o Regulamento (CE) n.º 2075/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, polo que se establecen normas específicas para os controis oficiais da presenza de triquinas en carne e o Regulamento (CE) n.º 2076/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, polo que se establecen disposicións transitorias para a aplicación dos regulamentos (CE) n.º 853/2004, (CE) n.º 854/2004 e (CE) n.º 882/2004, e se modifican os regulamentos (CE) n.º 853/2004, (CE) n.º 854/2004.

Tendo en conta a existencia dun novo marco normativo que substitúe o ata agora vixente, faise preciso no ámbito comunitario e, por ende, no español, adoptar unha disposición que clarifique o marco regulador. A Directiva 2004/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, pola que se derrogan determinadas directivas que establecen as condicións de hixiene dos produtos alimenticios e as condicións sanitarias para a produción e comercialización de determinados produtos de orixe animal destinados ao consumo humano e se modifican as directivas 89/662/CEE e 92/118/CEE do Consello e a Decisión 95/408/CE do Consello, acomete ese fin, derrogando as dezaseis directivas específicas sobre produtos de orixe animal e, pola súa parte, o Regulamento (CE) n.º 852/2004 derroga expresamente a Directiva 93/43/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1993, relativa á hixiene dos produtos alimenticios.

Como consecuencia do anterior, este real decreto incorpora parcialmente ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2004/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, derrogando os reais decretos que traspoñen as directivas derrogadas nela e derroga, tamén, o real decreto resultado da transposición da Directiva 93/43/CEE. Así mesmo, entre a normativa que agora se derroga, recóllanse normas sobre determinado tipo de actividades para as que as disposicións comunitarias prevían que os Estados membros puidesen establecer desenvolvementos específicos propios, centrados, fundamentalmente, na subministración de determinados produtos alimenticios no ámbito dos mercados locais. Por iso, para garantir unha maior seguraza xurídica e co fin de evitar excepcións nas disposicións derogatorias, optouse por reproducilas novamente e, se é o caso, actualízalas, entendendo que se trata de normas para a súa aplicación estrita no ámbito local e cuxo establecemento xa estaba previsto polas normas comunitarias e nacionais que agora se derrogan.

Por último, a disposición transitoria única determina a vixencia temporal de determinadas normas de aplicación do noso ordenamento xurídico interno mentres a Unión Europea non aproba as medidas necesarias para complementar o novo marco xurídico no ámbito da hixiene alimentaria.

Na elaboración desta norma foron oídos os sectores afectados e as comunidades autónomas, emitíndose informe preceptivo da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e de bases e coordinación xeral da sanidade, e en virtude do disposto nos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo e de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 26 de maio de 2006,

DISPÓÑO :

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto o establecemento de determinadas medidas que contribúan á correcta aplicación en España dos regulamentos (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano. Así mesmo, establece normas de aplicación para algúns aspectos que non se recollen nos citados regulamentos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións recollidas no Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguraza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguraza alimentaria, nos regulamentos (CE) n.º 852/2004, n.º 853/2004 e n.º 854/2004 anteriormente citados, e no n.º 2075/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, polo que se establecen normas específicas para os controis oficiais da presenza de triquinas en carne.

Así mesmo, entenderase por:

a) Autoridade competente: o Ministerio de Sanidade e Consumo e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o establecemento dos requisitos básicos en materia de control e hixiene alimentaria, intercambios con países terceiros e comunicacións cos restantes Estados membros e a Comisión Europea, e os órganos que determinen as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para o desenvolvemento e execución das normas básicas estatais e intercambios nacionais e comunitarios.

b) Importación: o despacho a libre práctica de alimentos ou a intención de despachar a libre práctica alimentos, no sentido do artigo 79 do Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código aduaneiro comunitario, nun dos territorios que forman parte da Unión Europea.

Artigo 3. *Condicións xerais.*

1. A autoridade competente poderá autorizar a subministración directa por parte do produtor de pequenas cantidades de produtos primarios ao consumidor final ou a establecementos locais de venda polo miúdo que subministran directamente ao consumidor final, excepto:

- a) leite cru;
- b) moluscos bivalvos vivos;
- c) produtos para os que así o determine a súa normativa específica.

Para estes efectos, os produtores e os explotadores dos citados establecementos locais de venda polo miúdo deberán identificar, respectivamente, calquera establecemento ao cal subministrasen un produto primario e o produtor que llelo subministrou, poñendo esta información á disposición das autoridades competentes, se estas así llelo solicitan.

2. Como desenvolvemento do establecido no artigo 1.5.b.ii) do Regulamento (CE) n.º 853/2004 e sen prexuízo do disposto no Real decreto 1376/2003, do 7 de novembro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción, almacenamento e comercialización das carnes frescas e os seus derivados nos establecementos de comercio polo miúdo, ou outras disposicións que establezan requisitos específicos distintos, os establecementos de venda polo miúdo poderán subministrar os seus produtos a establecementos de comidas preparadas con autorización sanitaria de funcionamento concedida pola autoridade competente, sempre que:

- a) o establecemento subministrador dispoña de instalacións e equipos adecuados e proporcionais para a obtención hixiénica do seu volume de produción;
- b) non subministren a establecementos suxeitos a inscrición no Rexistro xeral sanitario de alimentos;
- c) a súa distribución se realice dentro do ámbito do municipio onde estea situado o establecemento ou ben na unidade sanitaria local, zona de saúde ou territorio de iguais características e finalidade que defina a autoridade competente correspondente.

Artigo 4. *Sacrificio de animais para consumo humano e comercialización de carnes.*

1. A carne procedente de aves de curral e lagomorfos sacrificados na explotación para a produción de alimentos só poderá destinarse para consumo doméstico privado, con excepción das aves destinadas á produción de foie-gras.

2. A autoridade competente poderá autorizar:

- a) o sacrificio para consumo doméstico privado de animais domésticos das especies porcina e equina, sempre que se sometan a unha análise de detección de triquina conforme o establecido na normativa vixente;
- b) a subministración directa por parte dos cazadores de pequenas cantidades de caza silvestre ou de carne de caza silvestre ao consumidor final ou a establecementos locais de venda polo miúdo que subministran directamente ao consumidor final, establecendo para iso os requisitos necesarios. No caso de especies sensibles á triquina someteranse a unha análise de detección de triquina conforme o establecido na normativa vixente;
- c) o sacrificio para consumo doméstico privado de animais ruminantes, establecendo os requisitos para iso.

3. Poderase utilizar, para a detección de triquina, o método triquinoscópico descrito no capítulo III do anexo I do Regulamento (CE) n.º 2075/2005, nos seguintes casos excepcionais:

- a) para as carnes recollidas nas letras a) e b) do punto 2 deste artigo;

b) para as carnes de porcino doméstico e de xabaril, ata o 31 de decembro de 2009, en canais que necesiten ser examinadas individualmente nun establecemento que non sacrifique máis de 15 porcos domésticos ao día ou 75 porcos domésticos á semana, ou non prepare para a súa posta no mercado máis de 10 xabaris ao día. Neste suposto, e sempre que non se encontren dispoñibles os métodos de detección de triquina establecidos nos capítulos I e II do anexo I do Regulamento (CE) n.º 2075/2005, actuarase do seguinte xeito:

1.º As carnes analizadas por este método irán provistas dunha marcación de inspección veterinaria a tinta ou a lume que terá forma cadrada, de 3 centímetros de lado, contendo no seu interior: un «T» maiúsculo na súa parte superior, con barras de 1 centímetro de lonxitude e 0,2 centímetros de largura e, na súa parte inferior, o número de autorización do establecemento, de xeito que non se poida confundir coa marca sanitaria establecida no Regulamento (CE) n.º 853/2004 nin coa marca de identificación prevista neste.

2.º Estas carnes reservaranse á venda directa ao consumidor final ou a establecementos de venda polo miúdo situados no municipio ou ben na unidade sanitaria local, zona de saúde ou territorio de iguais características e finalidade que defina a autoridade competente da comunidade autónoma onde se sacrifique o animal.

3.º As carnes a que se refire esta letra non se deben usar para a obtención de produtos cuxo proceso de elaboración non mate a triquinela.

4. A carne de unglados domésticos que fosen sacrificados de maneira urxente deberá cumprir as condicións previstas no capítulo VI da sección I do anexo III do Regulamento (CE) n.º 853/2004 e ademais:

a) Deberá ir provista dunha marcación de inspección veterinaria a tinta ou a lume que terá forma rectangular, de maneira que non poida confundirse coa marca sanitaria establecida no citado regulamento, nin coa marca de identificación prevista na sección I do anexo II deste. A dita marca conterá no seu interior: na parte superior e en maiúsculas a mención «Local» e, na parte inferior, o número de autorización do establecemento.

b) Reservarase á venda directa ao consumidor final ou a establecementos de venda polo miúdo situados no municipio ou ben na unidade sanitaria local, zona de saúde ou territorio de iguais características e finalidade que defina a autoridade competente da comunidade autónoma onde se sacrifique o animal.

5. Os envases destinados ao consumidor final que conteñan carne picada de aves de curral, de solípedes ou preparados de carne en que hai carne separada mecanicamente deberán levar, sen prexuízo do establecido no Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, un rótulo en que se indique que os produtos deben cociñarse antes do seu consumo.

6. As dimensións e caracteres da marca sanitaria de anos, cabritos e leitóns establecida no capítulo III da sección I do anexo I do Regulamento (CE) n.º 854/2004 poderán reducirse utilizándose un selo de 4,5 cm de largura e 3 cm de altura. As letras e cifras terán como mínimo unha altura de 0,6 e 0,8 cm, respectivamente.

7. As carnes de reses de lida cumprarán o establecido no Real decreto 260/2002, do 8 de marzo, polo que se fixan as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de carnes de reses de lida.

Artigo 5. *Condicións específicas con respecto ao leite e aos produtos lácteos.*

1. O leite cru procedente de animais que non cumpren os requisitos do punto 2 do punto I do capítulo I da

sección IX do anexo III do Regulamento (CE) n.º 853/2004, poderá utilizarse nos seguintes casos:

a) no caso das vacas e búfalas que non amosen unha reacción positiva ás probas da brucelose ou da tuberculose nin presenten síntomas destas enfermidades, e sempre que sexa sometido a un tratamento térmico ata amosar unha reacción negativa á proba da fosfatasa;

b) no caso de animais das especies ovina ou caprina que non amosen unha reacción positiva ás probas da brucelose, ou que fosen vacinados contra a brucelose no marco dun programa autorizado de erradicación, e que non presenten síntomas desta enfermidade. Neste suposto, o leite deberá destinarse á elaboración de queixo cun período de maduración de cando menos 60 días ou ser sometido a un tratamento térmico ata amosar unha reacción negativa á proba da fosfatasa;

c) no caso de femias doutras especies que non amosen unha reacción positiva ás probas da tuberculose nin da brucelose nin presenten síntomas destas enfermidades, pero pertencen a un rabaño en que se detectasen estas enfermidades a raíz das inspeccións periódicas realizadas ao respecto aos rabaños segundo os plans de inspección aprobados pola autoridade competente, e sempre que sexa sometido a un tratamento que garanta a súa inocuidade.

2. Autorízase a utilización de leite cru que non cumpre os criterios establecidos na sección IX do anexo III do Regulamento (CE) n.º 853/2004 no que se refire ás colonias de xermes e ao contido de células somáticas, para a elaboración de queixos cun ciclo de maduración de 60 días como mínimo e produtos lácteos obtidos en relación coa fabricación dos ditos queixos.

Estes establecementos realizarán un control de almacenamento de forma que se coñeza e rexistre o tempo de permanencia de cada lote de produtos para garantir unha estancia mínima de 60 días.

Disposición adicional primeira. *Remisión normativa.*

Con efecto a partir da data de entrada en vigor, as referencias ás normas mencionadas na disposición derogatoria entenderanse, segundo o requira o contexto, como referidas a este real decreto e ás seguintes normas:

a) O Regulamento (CE) n.º 852/2004, para todos os produtos alimenticios, e o Regulamento (CE) n.º 853/2004, soamente para produtos de orixe animal, cando se traten cuestións que apelen a obrigas dos operadores económicos;

b) O Regulamento (CE) n.º 854/2004, cando se traten cuestións relativas a controis oficiais de produtos de orixe animal.

c) O Regulamento (CE) n.º 2075/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, en cuestións relacionadas cos controis oficiais da presenza de triquinias en carne.

d) O Regulamento (CE) n.º 2076/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, polo que se establecen disposicións transitorias para a aplicación dos regulamentos (CE) n.º 853/2004, (CE) n.º 854/2004 e (CE) n.º 882/2004, e se modifican os regulamentos (CE) n.º 853/2004, (CE) n.º 854/2004.

Disposición adicional segunda. *Laboratorios de referencia.*

Manteranse como laboratorios de referencia nacionais para a análise de leite e produtos lácteos o Centro Nacional de Alimentación, dependente da Axencia Española de Seguranza Alimentaria, e o Laboratorio Agroalimentario de Santander, dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición transitoria única. *Subsistencia de normas.*

As normas de desenvolvemento ou aplicación das disposicións que se derrogan mediante este real decreto continuarán en vigor, sempre que non resulten contrarias ás normas do dereito comunitario europeo aplicables, ata que se aprobe normativa comunitaria específica.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Real decreto 857/1992, do 10 xullo, polo que se establecen as condicións xerais de hixiene das explotacións de produción de leite, para efectos dos intercambios comunitarios.

b) Real decreto 1348/1992, do 6 de novembro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria que regula a produción e comercialización dos ovoprodutos.

c) Real decreto 1437/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables á produción e comercialización para os produtos pesqueiros e da acuicultura, excepto a previsión efectuada na disposición derogatoria única e nas modificacións posteriores resultantes desta.

d) Real decreto 147/1993, do 29 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas.

e) Real decreto 1904/1993, do 29 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de produtos cárnicos e doutros determinados produtos de orixe animal.

f) Real decreto 2069/1993, do 26 de novembro, polo que se fixan as normas sanitarias aplicables aos produtos da pesca a bordo de determinados buques pesqueiros.

g) Real decreto 1543/1994, do 8 de xullo, polo que se establecen os requisitos sanitarios e de policía sanitaria aplicables á produción e á comercialización de carne de coello doméstico e de caza de granxa.

h) Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos, excepto o artigo 5.9 e o punto 1 e 2 do punto D) do capítulo III do seu anexo A.

i) Real decreto 2044/1994, do 14 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias e de sanidade animal aplicables ao sacrificio de animais de caza silvestre e á produción e comercialización das súas carnes.

j) Real decreto 2087/1994, do 20 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas de ave de curral.

k) Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios.

l) Orde do 17 de xaneiro de 1996 sobre detección de triquinias nas carnes frescas procedentes de animais domésticos das especies porcina e equina.

m) Real decreto 1916/1997, do 19 de decembro, polo que se establecen as condicións aplicables á produción e comercialización de carne picada e preparados de carne.

n) Real decreto 218/1999, do 5 febreiro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización con países terceiros de carnes frescas, produtos cárnicos e outros determinados produtos de orixe animal, salvo as cuestións relativas a condicións de exportación.

ñ) Real decreto 571/1999, do 9 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria que fixa as normas aplicables á produción e comercialización de moluscos bivalvos vivos.

o) Os aspectos de saúde pública contidos en:

1.º Real decreto 110/1990, do 26 xaneiro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal que deben reunir as carnes frescas destinadas ao comercio intracomunitario e importadas de países terceiros.

2.º Real decreto 1066/1990, do 27 xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal que deben reunir os produtos cárnicos destinados ao comercio intracomunitario e os importados de países terceiros.

3.º Real decreto 746/2001, do 29 xuño, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e as importacións de carnes frescas de aves de curral procedentes de países terceiros.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e de bases e coordinación xeral da sanidade, e en virtude do disposto nos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español os artigos 2, 4.2, 4.3, 5 e 8 da Directiva 2004/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, pola que se derrogan determinadas directivas que establecen as condicións de hixiene dos produtos alimenticios e as condicións sanitarias para a produción e comercialización de determinados produtos de orixe animal destinados ao consumo humano e se modifican as directivas 89/662/CEE e 92/118/CEE do Consello e a Decisión 95/408/CE do Consello.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

9379 REAL DECRETO 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifican o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción. («BOE» 127, do 29-5-2006.)

A Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, despois de constatar o inxente esforzo realizado polos poderes públicos, Estado e comunidades autónomas, os axentes sociais, as empresas e os traballadores e demais

entidades dedicadas á prevención de riscos laborais desde a vixencia da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ben como que ese esforzo debía conducir á integración da prevención de riscos laborais en todos os niveis da empresa e a fomentar unha auténtica cultura da prevención, veu paliar os problemas e insuficiencias detectados na súa aplicación práctica e que se manifestan, en termos de accidentes de traballo, na subsistencia de índices de sinistralidade laboral indeseada.

Entre estes problemas detéctase unha deficiente incorporación do novo modelo de prevención e unha falta de integración da prevención na empresa, que se evidencia en moitas ocasións no cumprimento máis formal que eficiente da normativa.

A citada lei emprende un conxunto de medidas destinadas a superar tales problemas e insuficiencias, sobre a base das propostas acordadas o 30 de decembro de 2002 no marco do diálogo social, que posteriormente foron referendadas polo Pleno da Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo do 29 de xaneiro de 2003.

Entre as distintas medidas que incorpora a Lei 54/2003, do 12 de decembro, dentro do obxectivo xeral de combater de xeito activo a sinistralidade laboral, inclúense as dirixidas a reforzar a necesidade de integrar a prevención dos riscos laborais nos sistemas de xestión da empresa, tales como a reforma dos artigos 14, 16, 23 e 31, nos cales se salienta o carácter instrumental da integración e o seu desenvolvemento a través da implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais, se for o caso, co asesoramento e apoio dos servizos de prevención e contando cos axeitados instrumentos de participación dos traballadores e os seus representantes.

Outra das medidas incluídas na reforma, co mesmo obxectivo xeral, é a instauración da presenza de recursos preventivos do empresario, en determinados supostos e situacións de especial risco e perigosidade, como medida reservada a aqueles casos en que a experiencia acumulada evidencia a concentración de maior sinistralidade.

Finalmente, destacan as medidas incluídas para reforzar o control do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e combater o cumprimento meramente formal ou documental destas obrigas, establecéndose novas redaccións dos tipos infractores contidos no texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, precisando que as obrigas preventivas se deberán cumprir co alcance e contidos establecidos na normativa de prevención de riscos laborais, e acomodándose a súa regulación aos novos perfís das obrigas dos distintos suxeitos responsables que se establecen coas modificacións da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

A efectividade dos tres tipos de medidas expostas queda condicionada ao seu desenvolvemento regulamentario, que culmina precisamente con este real decreto, após o desenvolvemento xa producido respecto doutras medidas incluídas na reforma, como as relacionadas coa coordinación de actividades empresariais e o reforzo e colaboración nas funcións de vixilancia da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Por outro lado, no Acordo do 30 de decembro de 2002, xunto ás medidas instrumentadas a través da Lei 54/2003, do 12 de decembro, entre as medidas normativas a promover para favorecer a integración da prevención de riscos laborais na empresa incluíase a modificación do capítulo V do Regulamento dos servizos de prevención para mellorar a eficacia do sistema preventivo a través de determinadas reformas nas auditorías de prevención, que precisen o alcance, a metodoloxía e o contido do informe sobre os resultados da auditoría e as obrigas para o empresario que derivan desta.